




## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN GRUPO B outubro – decembro 2016

**19 de outubro:** entregamos...




#### Alguien, de Alice McDermott

Os recordos aparentemente dispersos e desordenados de Marie Commeford, a protagonista e narradora desta historia, unha neoirquina de orixe irlandesa, envólvennos nunha tea de araña invisible na que se entretecen a infancia, o despertar sexual, os primeiros amores, a maternidade, a formación dunha familia e a vellez. Alice McDermott é gañadora do National Book Award e dúas veces finalista do Pulitzer.

*Comentario: 2 de novembro*

**2 de novembro:** entregamos...



#### Izan o da saca, de Xabier Quiroga

O Fiscal Superior de Xustiza recibe do seu editor un paquete que contén, ademais dun cartafol con noticias de varias mortes sen relación aparente, unha novela. Nela, un taxista con ínfulas investigadoras e lector empedernido acepta o delicado encargo dun coñecido político e empresario galego: desentrañar un suposto pasado nazi co que os seus inimigos poden relacionalo.

*Comentario: 16 de novembro*

**16 de novembro:** entregamos...



#### Tantos días felices, de Laurie Colwin

Guido e Vincent son amigos, estudan xuntos e comparten soños: Guido quere escribir poesía e a Vincent gustaríalle gañar o Premio Nobel de Física. Guido coñece a Holly, namorándose perdidamente dela, pero presente que non terán unha relación fácil. Vincent coñece a Misty no traballo e, aínda que ela é unha misántropa terrible, non imaxina outra situación que non sexa saír con ela. Co fondo da Nova York de finais dos setenta, Laurie Colwin retrata a catro persoas intelixentes e bienintencionadas que non poden deixar de crer no amor.

*Comentario: 30 de novembro*

**30 de novembro:** entregamos...



#### Las reputaciones, de Juan Gabriel Vásquez

Javier Mallarino é o caricaturista político máis influente do país. Os políticos témenlle e o goberno faille homenaxes. Aos seus sesenta e cinco anos, pode dicir que ten o país aos seus pés. Pero todo iso cambiará cando reciba a visita inesperada dunha muller. Tras remontarse con ela ao recordo dunha noite xa remota, Mallarino verase obrigado a revaluar toda a súa vida, a poñer en dúbida a súa posición neste mundo.

*Comentario: 14 de decembro*

**14 de decembro:** entregamos...



#### Soy Pilgrim, de Terry Hayes

Nunha praza pública de Arabia Saudita, un home é axusticiado. Nun hotel de Manhattan aparece o corpo sen vida dunha moza sen identificar. En Damasco, un experto en biotecnoloxía é atopado con signos de tortura. En Afganistán, o achado dunha sustancia bacteriolóxica letal desata a alarma. Unha liña invisible conecta todos estes feitos, debuxando un plan perfecto para cometer un monstruoso crime contra a humanidade.

*Comentario: 11 de xaneiro*